

2º CICLO E.PRIMARIA



- **O cazador e a balea- P.Sánchez- OQO:** Coma en Moby Dick, unha balea e un cazador que non parará ata darlle caza. Cazador e balea están sós. Día tras día e noite tras noite. Mares que cambian coas páxinas que vas pasando. Logrará o cazador o seu obxectivo?. Ese barco da garda final, que significará?.

• **Cama e conto- G.Moure- Xerais:** Malva devece pola chegada da noite, cando a súa nai senta na súa cama a contarlle o conto da noite. Pero cando aprende a ler, a súa nai e o seu pai están demasiado ocupados para lerlle polas noites e lle din que lea ela. Só que Malva non está disposta a renunciar a ese anaco de felicidade diaria. Algo ten que argallar.



- **O rei oso branco-T.Bowley-Kalandraka :** Monta no teu cabalo de fantasía para percorrer os mundos máxicos que che ofrece o autor: fragas con animais faladores, cabaleiros, tenrura, princesas, humor, medo... non queredes perderte nin un dos relatos.

• **Carapuchiña "en rose"-A.Gracián - Everest :** Nunha das súas visitas á avoa, Carapuchiña coñece ao Lobo e queda prendada da súa educación e atractivo, pero... é realmente así?.



• **El elfo y la princesa-F.Pessoa-Gadir(Colec.El bosque viejo):** Érase unha vez un elfo que namorou perdida-mente dunha princesa. Un pequeno problemíña: a princesa dos seus amores... non existía.



• **Lo mejor del mundo son los niños-F.Pessoa-Gadir (Colec.El bosque viejo):** Un fermoso libro de poemas sobre a infancia e para a infancia. Seguro que che ha gustar.



• **El paraíso de los gatos- E.Zola-Gadir(Colec.El bosque viejo):** Este gato de Angora farache participe da súa aventura e do motivo do seu regreso á casa.

